

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 1 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE BAIONA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DA FASE II DA HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA INTERIOR DE SABARÍS

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 1 á que se refire a presente memoria é o Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Baiona, asinado o 22.01.2025, para a execución das obras da Fase II da humanización da travesía interior de Sabarís: actuación no tramo da rúa Julián Valverde, dende o cruce coa rúa José Pereira Troncoso ata a rotonda da rúa Porta do Sol.

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Baiona instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31.12.2027.

4.- Obxecto

O obxecto desta addenda é a modificación das cláusulas segunda, do apartado 7 (ii) da terceira e da décimo terceira do antedito convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Baiona, co fin de adaptalas á petición de reaxuste das anualidades previstas



formulada polo concello en escrito do 13.10.2025.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen razóns de oportunidade as manifestacións do concello, en canto consideran necesaria unha modificación do clausulado do convenio, posto que diversas circunstancias de índole técnica e os prazos determinados para a contratación e adxudicación das obras, impediron a materialización das execucións previstas para o exercicio orzamentario de 2025.

A Comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 22.10.2025, á vista do exposto no escrito do concello, formula unha proposta de reaxuste das anualidades de financiamento das actuacións obxecto do convenio.

En consecuencia, procede modificar as cláusulas segunda, o apartado 7 (ii) da terceira e décimo terceira do convenio para adaptar as achegas á realidade da execución dos traballos.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, observáronse os requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura (documento asinado electronicamente), A directora xeral de Urbanismo. María Encarnación Rivas Díaz.

